


Nalgún momento da vida, o ser humano ten que enfrontarse á dor e á tristeza. O inesperado Covid 19 é un bo exemplo do sufrimento do ser humano e da loita por superalo.



Imos coñecer a biografía do papa San Xoán Paulo II (Karol Jozef Wojtyla) que tamén coñeceu a dor e o sufrimento e transmitiu a esperanza do mensaxe de Xesús.

Biografía.



San Xoán Paulo II (Karol Józef Wojtyła)

Arcebispo polaco elixido papa en 1978, data de inicio dun dos pontificados máis longos da historia da Igrexa, dirixido polo primeiro papa non-italiano en moitos séculos.

Karol naceu en Wadowice, localidade polaca situada preto de Cracovia, en 1920. Quedou orfo de nai aos 9 anos.

Empezou a estudar na Universidade de Cracovia, pero cando Polonia foi ocupada polos nazis tivo que poñerse a traballar nunha canteira e nunha fábrica química.

Durante a II Guerra Mundial iniciou os estudos eclesiásticos de forma clandestina, e continuounos despois ata a súa ordenación sacerdotal en 1946. Dedicou a súa mocidade á atención pastoral aos emigrantes polacos en diversos países euro-

peos, aos estudos teolóxicos e á súa enraizada paixón polo teatro, campo no que se desenvolveu como actor e como autor.

Foi ordenado bispo en 1958, e seis anos despois chegou a ser arcebispo de Cracovia. Paulo VI elixiuno cardeal en 1967. Neses anos tivo unha destacada participación no Concilio Vaticano II.

Foi elixido papa en 1978 nunha votación cuxo resultado causou sorpresa pola orixe do elixido e pola súa relativa mocidade. Con todo, o seu pontificado foi dos que marcaron a historia da Igrexa: viaxes ao redor do mundo, Xornadas Mundiais da Xuventude, promulgación do Catecismo, numerosas encíclicas, celebración do Xubileo do ano 2000, impulso do diálogo interrelixioso, papel decisivo na caída do comunismo na Europa oriental... son algúns dos fitos do pontificado de Xoán Paulo II.

Sobreviviu a un grave atentado en 1981, e faleceu en Roma en 2005. En 2011 foi beatificado e en 2014 foi canonizado.

Contestamos as seguintes preguntas.

-Lugar e data de nacemento-----

-Data da súa elección como Papa-----

-Por que deixou os estudos?-----

Cando foi ordenado sacerdote?-----E bispo?-----

E cardeal?-----

Participou no concilio Vaticano II.En que datas se celebrou dito Concilio?

Que é un concilio?

Nomea outros concilios na historia da Igrexa (catro por exemplo).

Foi moi viaxeiro. Visitou España. Busca alguna noticia en internet que confirme a súa visita.

Presidiu as Xornadas Mundiais da Xuventude. Sinala os lugares de celebración dalgunhas delas.

Escribe o nome dalgunha encíclica que escribira. Escribe tamén a definición de Encíclica.

¿É certo que sufriu un atentado? Busca información.